

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de febreiro de 2021**

Ás 18.00 horas do día 17 de febreiro de 2021, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339643>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 20 DE XANEIRO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 20 de xaneiro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 20 de xaneiro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE TITULARIDADE A FAVOR DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL OU-CASTADÓN E SAN MIGUEL DO CAMPO

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que se trata dunha petición do concello, que se trata dun tramo de estrada moi reducido e que en todo caso carece de funcionalidade para a rede de estradas provincial.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol do Concello do Pereiro de Aguiar (Ourense) dos seguintes treitos de estradas provinciais:

DENOMINACIÓN	P.Q. INICIAL	P.Q. FINAL	LONXITUDE	ANCHURA	FIRME	TIPOLOXÍA	FUNCIÓN
Sobrante OU-0507 entre p.q.0+980 e p.q.1+040, marxe dereita	0+000	0+072	72 M	5 M	Macadam+ triple rega	Convencional	Local

Segundo: De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as administracións intervinientes.

Terceiro: Logo da tramitación do cambio de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá

modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo.

3º.- MODIFICACIÓN DO CATÁLOGO DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE Á DATA 31.12.2020.-

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta en que medida afecta a dita categorización á maior parte das estradas da rede como rede local á liña de edificación.

O Sr. secretario explica que a liña de edificación da rede local pasa de 15 a 7 metros, o que ten bastante importancia, xa que a maior parte da rede se categoriza neste catálogo como rede local.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que se trata dun documento puramente técnico e en todo caso lembra que a Deputación carece dun plan obxectivo de actuación na rede provincial de estradas, que non existe unha aplicación orzamentaria específica para o seu mantemento e que a rede de estradas provincial e a súa adecuada conservación é fundamental para o desenvolvemento da provincia.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a MODIFICACIÓN DO CATÁLOGO DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE Á DATA 31.12.2020, conforme co documento técnico elaborado polo Servizo de Vías e Obras, que consta no expediente electrónico núm. 2020/28733E.

O dito documento está a disposición pública na sede electrónica da Deputación Provincial mediante o código seguro de verificación 13533435224046237061.

2º.- Comunicarlle este acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para os efectos previstos no artigo 21.4 do Regulamento da Lei de estradas de Galicia.

3º.- Ordenar a publicación do presente acordo no BOP e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 18.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará de forma electrónica. Dou fe.